



UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

SANTIAGO
29. OUT 01 04371

SANTA

Os planos de estudio de 1993 das titulacións de Mestre Especialidade en Educación Primaria e Especialidade en Lingua Estranxeira de Lugo tiñan como materia troncal con docencia no primeiro curso a Lingua e a Literatura Española e como obrigatoria a Lingua e a Literatura Galega ; ademáis no segundo curso impartíase a materia troncal Didáctica da Lingua e da Literatura I.

Como consecuencia da modificación destes planos de estudio para adecúalos á normativa vixente, nos planos de estudio do 2000 destas mesmas titulacións impártense as materias Lingua e Literatura Española /Galega como materias troncais e como obrigatorias, para que elixa o alumnado cal das dúas fai como troncal, que en todo caso deberá ser distinta á que curse como obrigatoria. Asemade, e nestes mesmos planos de estudio, indicase que a materia Didáctica da Lingua e da Literatura Española/Galega deberá corresponderse coa opción escollida na troncal Lingua e Literatura Española/Galega.

Os alumnos que no plano 1993 tiñan superado a troncal Lingua e Literatura Española adaptóuselles a materia troncal do plano 2000 coa mesma denominación e a Lingua e Literatura Galega adaptóuselles pola obrigatoria con ese mesmo nome. Como consecuencia desta adaptación teñen que cursar, se non lles foi adaptada a materia troncal que se imparte en terceiro curso Didáctica da Lingua e da Literatura Española.

Co obxecto de subsanar esta situación e permitir unha maior flexibilidade na curricula dos alumnos que solicitaron a adaptación o plano de estudio do 2000 das titulacións de Mestre Especialidade en Educación Primaria e Especialidade en Lingua Estranxeira

RESOLVO

Primeiro .- Os alumnos das titulacións citadas que se adaptaron o plano 2000 poderán modifica-la adaptación da materia Lingua e Literatura Española (troncal) cambiándolle o seu carácter e pasandoa a obrigatoria ; neste caso a materia obrigatoria Lingua e Literatura Galega deberá cursala ou adaptala como troncal.

Segundo.- En concordancia co anterior a materia Didáctica da Lingua e da Literatura Española/Galega que teña que cursar ou adapta-lo alumnado deberá corresponderse coa opción da ~~troncal Lingua e Literatura cursada ou adaptada.~~

Terceiro.- Tódolos alumnos que queiran acollerse ó regulamentado nesta resolución deberán solicitalo na Unidade de Xestión Académica do Campus de Lugo, sendo o prazo para facelo do 5 de novembro ó 12 de novembro.

Cuarto. A Unidade de Xestión Académica resolverá tódalas peticións que realicen os alumnos no prazo establecido facendo a correspondente anotación no expediente dos alumnos. Non se admitirán peticións que modifiquen o xa resolto por unha petición previa.

Santiago de Compostela, 24 de outubro de 2001

O Rector,

Darío Villanueva Prieto

Sr. Vicerrector de Ordenación Académica e Titulacións; Sr. Secretario Xeral; Sr. Directro da Escola de Formación do Profesorado de EXB de Lugo; Sr. Xefe da Asesoría Xurídica; Sra. Xefa do Servicio de Alumnado; Sra. Xefa da Unidade de Xestión Académica do Campus de Lugo; Sr. Director do SEIN; Sr. Director do COIE.